



Herald Toupeiras • Central Sindical Independente e de Funcionarios



**HT**  
Herald Toupeiras  
Estamos X ti



# News Semanais

*Do 7 ao 12 de marzo*

# 2016

# INDICE:

1. POR LA RECUPERACIÓN DE LOS DERECHOS - JORNADA 35 HORAS
2. CSI•F PLANTEA A PATXI LÓPEZ UNA REFORMA DE LA LEY SINDICAL PARA ACERCAR LOS SINDICATOS A LA SOCIEDAD, FRENTE AL ACTUAL MODELO "BIPARTIDISTA"
3. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO DE 2.644 PRAZAS NA XUNTA DE GALICIA
4. PROCESOS SELECTIVOS NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA DE GALICIA
5. NOTA INFORMATIVA DA REUNIÓN PREVIA Á MESA XERAL E DA MESA XERAL DE EMPREGADOS PÚBLICOS - 11 DE MARZO
6. LISTAS DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE PERSOAL FUNCIONARIO SANITARIO DA LEI 17/1989
7. CONVOCATORIA DE PROBAS DE AVALIACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE PARA O ACCESO AOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE DOS NIVEIS 2 E 3
8. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA
9. ACTIVIDADES FORMATIVAS DO INAP PARA EMPREGADOS PÚBLICOS DA AGE E DA ADMÓN. LOCAL PARA O AÑO 2016
10. SENTENCIA QUE RECOÑECE UNHA INCAPACIDADE PERMANENTE POR ESTAR QUEIMADO NO TRABALLO
11. DATAS CLAVE DA DECLARACIÓN DA RENDA 2015, PARA PRESENTAR EN 2016
12. GUÍA DE ACCIÓN SOCIAL - PROMOCIÓNS PARA AFILIADOS DA CSI•F
13. THE WEEKLY PRESS
14. CONVENIO AECC - CSIF GALICIA. MARZO 2016 "PÓDOCHE SALVAR A VIDA"



sumando



## 2. CSI•F PLANTEA A PATXI LÓPEZ UNA REFORMA DE LA LEY SINDICAL PARA ACERCAR LOS SINDICATOS A LA SOCIEDAD, FRENTE AL ACTUAL MODELO "BIPARTIDISTA"

### El sindicato reclama un Pacto de Estado para la gestión eficiente de las Administraciones Públicas y dignificar a sus trabajadores

El presidente de la **Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSI-F)**, Miguel Borra --sindicato más representativo en las administraciones públicas y con presencia creciente en el sector privado-- mantuvo esta semana un encuentro institucional con el presidente del Congreso de los Diputados, para abordar diferentes cuestiones prioritarias para nuestra organización en la actual coyuntura social y política.

CSIF entiende que los resultados de las urnas trasladan un mensaje de cambio y al mismo tiempo de entendimiento entre fuerzas políticas en ámbitos fundamentales: reforzar los servicios públicos, promover un **Pacto de Estado para la gestión de nuestras administraciones y evitar los errores cometidos durante la crisis**; e impulsar políticas de empleo que permitan crear puestos de trabajo de calidad, estables y de manera estructural, que nos conduzcan de manera paulatina a un nuevo modelo productivo más eficiente.

CSIF plantea la necesidad de promover medidas de regeneración democrática en el ámbito sindical, tal y como se está debatiendo en el ámbito de la política, con una reforma que promueva buenas prácticas en nuestra organizaciones, mayor transparencia, cercanía a la sociedad y un mayor pluralismo de opciones.

Sería conveniente modificar el Art. 6 de la Ley Orgánica de Libertad Sindical para que **sea suficiente el 5% de representatividad** para tener la condición de Sindicato más representativo y estar presente en los ámbitos de negociación, tal y como ocurre en otros ámbitos, como el sistema electoral a las Cortes (aquí se exige el 3 por ciento para poder entrar en el reparto de escaños), frente al 10 por ciento actual que blinda el 'bipartidismo' de las dos organizaciones de clase.

CSIF trabajará para que las diferentes fuerzas políticas hagan suyo este pacto dirigido a la gestión eficiente de los recursos públicos, la protección y el refuerzo de los servicios que reciben los ciudadanos, y la dignificación de las condiciones de los trabajadores, tras los recortes y la campaña de descrédito sufrido durante la crisis.

En este sentido, puesto que se reanuda el periodo ordinario de sesiones, hay cuestiones que podrían abordarse como la convocatoria urgente de empleo público (ya está presupuestada en las cuentas de 2016), evitar los descuentos por baja médica o promover la jornada de 35 horas para mejorar la atención a los ciudadanos y favorecer el empleo.

CSIF también mostró su preocupación por cuestiones como el proceso soberanista en Cataluña. En este sentido, desde el respeto a las diferentes fuerzas políticas, recordó que los empleados públicos somos un elemento cohesionador del Estado. Los empleados públicos trabajan para la igualdad de todos los españoles, vivan donde vivan, y las administraciones públicas son garantes de los principios que sustentan nuestro modelo de Estado social, democrático y de derecho desde el comienzo de la democracia.

### 3. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO DE 2.644 PRAZAS NA XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE FACENDA - DOG, 7 DE MARZO

Decreto 19/2016, do 25 de febreiro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a **prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral** da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

ACCESO	CORPO/ESCALAS/CATEGORÍAS	COTA XERAL	DISCAP. XERAL	DISCAP. INTELEC.T	TOTAL PRAZAS
LIBRE	ADMINISTRACIÓN XERAL	38	3	16	67
	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	31	4	-	35
	PERSOAL LABORAL	229	13	-	240
	TOTAL ACESO LIBRE	296	20	16	332
PROMOCIÓN INTERNA	ADMINISTRACIÓN XERAL	106	10	-	116
	PERSOAL LABORAL	250	16	-	266
	TOTAL PROMOCIÓN INTERNA	296	20	-	382
<b>TOTAL OPE 2016</b>		<b>652</b>	<b>46</b>	<b>16</b>	<b>714</b>

#### CONSELLERÍA DE ... EDUCACIÓN ...

Decreto 21/2016, do 25 de febreiro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a **prazas de persoal funcionario dos corpos docentes** que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

ESPECIALIDADE	TOTAL	PRAZAS A2-A1	LIBRE
MESTRES	500	-	500
PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO	478	96	382
PROFESORES TÉCNICOS DE FP	122	-	122
INSPECTORES DE EDUCACIÓN	12	-	12
<b>TOTAL OPE</b>	<b>1.112</b>	<b>96</b>	<b>1.016</b>

#### CONSELLERÍA DE SANIDADE - DOG, 7 DE MARZO

Decreto 22/2016, do 25 de febreiro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas **categorías de persoal estatutario** do Servizo Galego de Saúde para o ano 2016.

CATEGORÍAS	TOTAL PRAZAS	RESERVA		PROM. INTERNA
		DISCAP. XERAL	DISCAP. INTELEC.	
LICENCIADOS SANITARIO	351	14	-	
DIPLOMADOS SANITARIOS E DE F.P.	144	8	-	
XESTIÓN E SERVIZOS	323	19	17	
<b>TOTAL PRAZAS</b>	<b>818</b>	<b>41</b>	<b>17</b>	

As prazas serán provistas polo sistema de concurso-oposición, co establecemento de quenda libre e promoción interna

## 4. PROCESOS SELECTIVOS NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA DE GALICIA

### [CONSELLERÍA DE FACENDA - DOG, 7 DE MARZO](#)

Orde do 25 de febreiro de 2016 pola que se convoca **proceso selectivo para o ingreso na categoría 003 (ordenanza e outras)** do grupo V de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten **discapacidade intelectual**.

Número de prazas: 6

Sistema selectivo: concurso-oposición



Tipo discapacidade: Intelectual en grao igual ou superior ao 33%

Titulación: acreditar ter cursada a escolaridade obrigatoria requirida no sistema educativo español segundo o correspondente plan de estudos.

Solicitudes: **vinte días naturais**, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no DOG.

## 5. NOTA INFORMATIVA DA REUNIÓN PREVIA Á MESA XERAL E DA MESA XERAL DE EMPREGADOS PÚBLICOS - 11 DE MARZO

### 1. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RPT DA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA).



Con respecto á proposta de modificación da RPT da AMTEGA non houbo modificacións na dita proposta dende a última xuntanza mantido co Xerente da Axencia.

Mantense a amortización dun posto que estaba ofertado para a súa cobertura no concurso de corpos xerais que está pendente de resolverse, e que se amortiza porque, segundo a propia AMTEGA, as tarefas propias do mesmo son realizadas por persoal da propia AMTEGA formado para a realización das mesmas. Con esta amortización **finansiase a creación dunha "Xefatura de Sección de coordinación económica e protección de datos"**, na que si se producen modificacións: por unha parte retíranse os méritos de experiencia, quedando polo tanto a praza configurada do seguinte xeito:

Denominación	Nivel	Forma de provisión	Subgrupo	Adscrición	Formación específica
Xefatura de Sección de Coordinación económica e protección de datos.	25	Concurso	A1/A2/C1	AXG	Experiencia en xestión económica (mérito) e Formación en xestión económica (mérito).

Non houbo outras modificacións relevantes na proposta da AMTEGA, polo que se mantén a apertura a outras administracións (Xunta de Galicia, Estado, outras CC.AA., persoal estatutario do SERGAS e Administración Local) dunha praza de Xefatura do departamento de sistemas, na que se modifica ademais a forma de provisión que pasa a ser a LD. Na Mesa Xeral, o xerente da AMTEGA xustificou a provisión deste posto por LD en que aquel que ocupe o dito posto será o responsable da política en materia de protección de datos de carácter persoal de diversos ficheiros ( como ficheiros con datos da historia sanitaria, xudiciais, etc) o que xustifica esta forma de provisión.

Entendemos que a provisión desta praza debería ser por **concurso**, e que é suficiente coa súa adscrición a persoal da Xunta de Galicia, que están o suficientemente cualificados para a realización das tarefas propias deste posto, que é o seguinte:

Denominación	Nivel	Forma de provisión	Subgrupo	Adscrición	Formación específica
Xefatura de Departamento de sistemas	28	LD	A1/A2/	A 20(2)	640 (R.I.)

## 2. PROXECTOS DE ORDES POLAS QUE SE CONVOCAN DIVERSOS PROCESOS SELECTIVOS:

con respecto aos diferentes proxectos de orde de convocatoria pendentes, e para todos eles en común;

- Mantense o **sistema de oposición**, incluso para aquelas prazas reservadas á quenda de promoción interna. Para os opositores que concorran pola quenda de promoción interna se mantén a **exención da parte común do programa** para a realización do primeiro exercicio.
- Os **primeiros exames** non serán, en xeral, anteriores ao 1 de outubro, moi a pesar de que solicitamos un prazo maior para a realización dos mesmos.
- Polo que se refire ao establecemento dunha **nota de corte**: a D.X. de Función Pública vai a estudar a posibilidade de establecer un sistema de nota de corte antes de que estas ordes de convocatoria vaian a Comisión de Persoal. Para este sistema tomarase como modelo o empregado na administración do Estado, que establece un sistema un corte que permita que o nivel non baixe e que o número de aprobados non sexa cero. A partir do luns enviarase unha proposta ás oo.ss. neste sentido.
- Polo que se refire **á promoción interna separada** destas escalas, non é posible realizala porque non está prevista dentro da oferta de emprego correspondente.
- Polo demais, tanto a orde de realización das probas e o peso respecto á nota final de cada unha delas queda exactamente como está nos borradores das convocatorias sen modificación algunha.
- Temarios**: existe un compromiso de publicación por parte da EGAP dos 17 temas correspondentes á parte común do temario, pero non así polo que se refire ás partes específicas de cada especialidade. Dende a CSI•F reclamamos que se publiquen temarios oficiais e vinculantes para os tribunais que sexan, cando menos, o mínimo requirido para aprobar os correspondentes exercicios.
- En canto a que a falta de abono das taxas non sexa causa de exclusión inmediata nas convocatorias, dende a D.X.** de Función Pública estudarán a posibilidade de facelo constar e que sexa un requisito subsanable, tal e como requiríamos dende a CSI F.
- En canto á **valoración do CODIX**, dende a administración estase a estudar a súa valoración específica de cara á elaboración das bases do concurso de traslados de corpos xerais, pero aínda non teñen un criterio que permita darlle unha especial valoración nestas convocatorias.



Polo que respecta a cuestións concretas:

- i. **Escala de Enxeñeiros, especialidade de Enxeñeiros Industriais:** Neste caso nos encontramos con información de que hai traballadores pertencentes ao subgrupo A2 que non poderán concorrer pola quenda de promoción interna, porque non cumpren o requisito dos dous anos de permanencia no postos ata setembro deste ano. En todo caso, por parte da D.X de Función Pública estudárase incluír unha promoción interna separada polo menos para esta escala na OPE do 2017, a que si poidan concorrer.  

Polo que se refire á parte específica do temario, modificaranse os temas 3 e 37, aínda que nos insistimos en que deben revisarse os temas 15, 23 e 52 porque inclúen lexislación derogada. En todo caso, corríxese unha referencia normativa errónea no Tema 23 e durante a Mesa Xeral, o D.X. de Función Pública confirmou que se consultou coas consellerías afectadas de novo trala xuntanza de onte, e que aínda non se recibiu resposta ao respecto.
- ii. **Escala de Enxeñeiros, especialidade de Enxeñaría Técnica Industrial:** modificarase o tema 23. Na Mesa Xeral recibimos confirmación deste cambio e da corrección dun erro no Tema 9, en referencia ao Real Decreto 889/2006, do 21 de xullo, que regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.
- iii. **Escala de Ciencias, especialidade de Bioloxía:** polo que respecta a esta especialidade tamén haberá modificacións nos temas da parte específica do temario, e seremos informados de cales serán estas modificacións concretas nos próximos días. En principio os temas que sufrirán modificacións serán os temas 7, 10, 12, 16, 17, 18, 19, 21, 32, 34 e 37. Polo que respecta á consulta realizada ao respecto de si os titulados en Ciencias do Mar poden concorrer ás prazas de Bioloxía e á inversa. Na Mesa Xeral o D.X. de Función Pública indicounos que pediron un informe á Consellería de Educación a este respecto, porque prefiren ter unha resposta oficial a este respecto antes da convocatoria destas prazas para unha maior seguridade xurídica de todos. Q
- iv. **Escala de Estatísticos:** Nesta escala auméntase o número de prazas de promoción interna ata o límite máximo do 50% e polo tanto, pasarán a ser dúas a prazas reservadas a promoción interna. Nesta escala requiríamos que se eliminase un dos exercicios teórico-prácticos e se unificasen nun único exercicio destas características e que se aclare ao respecto do primeiro exercicio o material que se permitirá levar ao opositor, xa que dende a Administración se nos explica que se lle outorga un tempo de 4 horas á realización dun test de 120 preguntas (máis 5 de reserva), porque para contestar ás mesmas é preciso a realización de cálculos e /ou a resolución de problemas, cousa que non se especifica na base. Na Mesa Xeral confirmase que este exame tipo test inclúe a realización de cálculos e/ou resolución de problemas para contestar ás preguntas, e que en caso de que os opositores necesiten calculadora ou de que a proporcione o tribunal informárase coa convocatoria do exercicio. Dende a CSI•F entendemos que ao igual que nos exercicios teórico - prácticos se indica que para o desenvolvemento do exercicio o tribunal facilitará ao/a opositor/a o material de calculo e material impreso que considere oportuno ( base II.1.1.2), debería indicarse o mesmo ou que sexa pertinente ao respecto do primeiro exercicio. Polo tanto, requirimos que se modifique neste sentido a base indicada.
- v. **Escala de Letrados:** Tampouco haberá modificacións no borrador da orde, pero si se estudará a posibilidade de aumentar as prazas de promoción interna tamén ata o límite máximo do 50%. Na Mesa Xeral insistiuse no incremento do número de prazas para a promoción interna, pero a cuestión aínda está a ser estudada.
- vi. **Outras informacións:**



- 1. Concurso de traslados de corpos xerais:** a próxima semana estarán as valoracións provisionais que se retrasaron por problemas técnicos, pero que estarán ao longo da vindeira semana. Con respecto ao prazo de resolución e de toma de posesión de concurso de corpos xerais non nos confirman un cronograma fiable á espera de que se publique a dita puntuación provisional, co obxecto de que as datas que se dean, aínda que sexan aproximadas, sexan fiables.
2. Estase elaborando unhas instrucións para regular o procedemento para requirir a todos aqueles empregados públicos que xa prestan servizos na Administración autonómica ou que se incorporen de novo ingreso, o correspondente **certificado de non ter antecedentes penais** por abusos sexuais para aqueles postos nos que se entre en contacto con menores. Este certificado pídese en virtude da Lei orgánica de protección do menor que establece unha inhabilitación para os condenados por esta causa para o acceso a postos de traballo nos que entren en contacto directo con menores.
3. Neste mes de marzo publicarase a orde de actualización dos expedientes para os **Axentes Facultativos Ambientais**, e se requirirá a presentación do título de técnico medio, unicamente a aqueles que non o presentaran xa no momento de acceder ao posto.
4. **Bombeiros forestais:** hai pendente unha coas dúas consellerías afectadas polo que se refire ao en determinadas categorías do persoal de incendios. Este cambio de denominación de diferentes categorías implicaría que sería posible aplicar a este colectivo un coeficiente reductor da idade de xubilación deste persoal. A D.X. de Función Pública di que nestes momentos está estudando o custo desta medida, e que unha vez conten co informe neste sentido, convocarán a reunión coas consellerías afectadas.
5. Xa na Mesa Xeral, recibimos comunicación de que ao longo da próxima semana remitirase ás oo.ss. un **proxecto de decreto** para a contratación de **persoal laboral investigador** que prestaran servizos no sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, motivo polo que se encarga desta tramitación a propia D.X. de Función Pública.
6. **Oposicións de Gardacostas:** A D.X. de Función Pública confirma que na próxima convocatoria destas oposicións está previsto que se realicen probas físicas. Ademais estase traballando na orde de convocatoria que poderá remitirse ás oo.ss. nas próximas semanas.
7. Dende a CSI•F reclamamos unha **solución** para o persoal do colectivo de **servizos sociais** que están sendo informados de que non poderán gozar os 8 días de asuntos persoais deste ano 2016 nin de compensación desexa dous días que lles corresponden doutro xeito. O D.X. de Función Pública ente de que este tema debe ser solucionado no seo da comisión de seguimento das instrucións de permisos e vacacións, e comprometése a darlle preferencia á regulación e constitución desta comisión para solucionar estes problemas de aplicación das novas instrucións.
8. Preguntamos tamén pola **devolución** do case 50% que resta da paga **extra de 2012**, xa comprometida nos orzamentos xerais do Estado. A resposta é que aínda non está decidida unha data para esta devolución.
9. Polo que se refire ás devolucións das **pagas adicionais correspondentes ao ano 2013**, tanto para persoal laboral como funcionario, o D.X. de Función Pública contesta que está a estudar as diversas resolucións xudiciais existentes para establecer cal é a postura da Administración.
10. E finalmente, non por ser un tema menos transcendente, dende a CSI•F entendemos e esiximos que se aborde unha **modificación da RPT de Sanidade** que permita a tan reclamada e merecida **revisión do nivel do persoal FISP**, que merece unha equiparación ao resto do persoal que realiza tarefas inspectoras.

## 6. LISTAS DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE PERSOAL FUNCIONARIO SANITARIO DA LEI 17/1989

Xuntase o borrador da nova regulación do procedemento de cobertura temporal de postos de persoal funcionario sanitario da escala de saúde pública e administración sanitaria (Lei 17/1989, do 23 de outubro) facilitado pola D.X de RR.HH do Sergas.

### **RESOLUCIÓN/ORDE DA (.....) POLA QUE SE REGULA O PROCEDIMENTO DE COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE PERSOAL FUNCIONARIO SANITARIO DA ESCALA DE SAÚDE PÚBLICA E ADMINISTRACIÓN SANITARIA (LEI 17/1989, DO 23 DE OUTUBRO).**

(....)

#### **I. NORMAS XERAIS**

##### **I.1. Obxecto**

Esta Resolución/Orde establece e regula o procedemento de selección das persoas aspirantes, a través de listas elaboradas consonte a baremo así como a xestión de chamamentos para a cobertura con carácter temporal dos postos de traballo de persoal funcionario sanitario da escala de saúde pública e administración sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, creada pola *Lei 17/1989, do 23 de outubro*.

##### **I.2 Ámbito de aplicación**

A regulación contida na presente Resolución/Orde aplicarase a todos os nomeamentos temporais que resulte necesario formalizar nas diversas clases de persoal funcionario da escala de saúde pública e administración sanitaria, cuxa xestión é competencia da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

#### **II. SELECCIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES**

##### **II.1 Ámbito de inscrición**

Para a cobertura temporal de postos reservados a persoal funcionario da escala de saúde pública e administración sanitaria da Lei 17/1989, do 23 de outubro, elaborárase unha única lista, por cada un dos colectivos profesionais que a continuación se indican, que terá ámbito de comunidade autónoma.

- Clase de inspector/a médico/a
- Clase de inspector/a farmacéutico/a
- Clase de farmacéutico/a inspector/a de saúde pública
- Clase de licenciado/a sanitario/a: licenciado en medicina e cirurxía, licenciado en farmacia, licenciado en ciencias químicas, licenciado en ciencias biolóxicas, licenciado en psicoloxía.
- Clase de subinspector/a sanitario/a
- Clase de ATS/DUE

##### **II.2 Baremo aplicable**

A ordenación das persoas aspirantes na lista efectuarase consonte a prelación que resulte da aplicación do seguinte baremo:

##### **a) Experiencia profesional**

- a.1) Por cada mes completo de servizos prestados en postos da mesma clase á que opta na Administración da Xunta de Galicia ou en postos, prazas ou funcións de corpos homólogos noutras

administracións sanitarias de España ou resto de UE/Suíza e Espazo Económico Europeo: 0, 25 puntos.

a.2) Por cada mes completo de servizos prestados en clase distinta á que opta, de inscrición compatible, na Administración da Xunta de Galicia ou en postos, prazas ou funcións de corpos homólogos noutras administracións sanitarias de España ou resto de UE/Suíza e Espazo Económico Europeo: 0,15 puntos.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 40 puntos

## **b) Coñecemento do idioma galego**

Valorarase neste apartado o coñecemento polos/as aspirantes do idioma galego no nivel celga 4 ou equivalente conforme certificación oficial regulada na Orde do 16 de xullo de 2007 (D.O.G nº 146, do 30 de xullo), segundo modificación efectuada pola Orde do 10 de febreiro de 2014, cunha puntuación de 5 puntos.

A aqueles aspirantes das clases de inspector/a médico/a, inspector/a farmacéutico/a, farmacéutico/a inspector/a de saúde pública e subinspector/a sanitario/a que non estean en posesión do diploma acreditativo do coñecemento do idioma galego celga 4 ou equivalente e tivesen participando na última convocatoria de concurso oposición para o acceso á clase, efectuada polo Servizo Galego de Saúde, valoraráselles neste apartado a puntuación acadada no exercicio de galego, tivesen ou non superado este, coa ponderación que corresponda sobre o máximo de 5 puntos.

## **c) OPE**

Ás persoas aspirantes das clases de inspector/a médico/a, inspector/a farmacéutico/a, farmacéutico/a inspector/a de saúde pública e subinspector/a sanitario/a valoraráselles as cualificacións obtidas en cada un dos exercicios da fase de oposición, agás galego, do último proceso de selección fixa convocado polo Servizo Galego de Saúde para a clase na que solicita a súa inscrición coa ponderación que corresponda sobre o máximo de 55 puntos.

A estes efectos, entenderase como data de finalización do proceso selectivo a data de publicación no Diario Oficial de Galicia da resolución pola que se declara rematada a fase de oposición do respectivo proceso.

A asignación da puntuación correspondente a este apartado efectuarase de oficio pola Administración, sen que a persoa aspirante deba presentar ningunha documentación acreditativa.

## **II.3 Desempate**

Os empates de puntuación que se puidesen producir resolveranse en primeiro lugar a favor da persoa aspirante que acredite maior puntuación no apartado de experiencia profesional e, en último lugar, aplicarase o criterio de maior idade.

## **II.4 Procedemento de inscrición e elaboración das listas**

A inscrición das persoas aspirantes nas listas así como a súa elaboración efectuarase consonte o procedemento regulado nos apartados II.4.1 a II.4.4 da Resolución do 26 de abril de 2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade e da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, pola que se dispón a publicación do Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal no ámbito do Servizo Galego de Saúde e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade (*Diario Oficial de Galicia n.º 89, do 9 de maio*) ou disposición equivalente que o substitúa.

## **II.5 Requisitos das persoas aspirantes**

Poderán inscribirse nas listas que se elaboren en aplicación desta Resolución/Orde as persoas interesadas que reúnan os seguintes requisitos:

a.- Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

b.- Estar en posesión da titulación exixida ou estar en condicións de a obter.

c.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma clase á cal se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público.

d.- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

e.- Posuir as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

Os requisitos deberán reunirse na data de formalización da inscrición e manterse no momento da formalización do oportuno nomeamento.

## II.6 Baixa automática do persoal funcionario de carreira

O persoal de novo ingreso, en virtude do remate dun proceso selectivo, será dado de baixa automaticamente como aspirante a nomeamentos temporais na clase en que adquire a condición de persoal funcionario de carreira.

## II.7 Compatibilidade de listas

Admitirase a compatibilidade de inscrición nas seguintes listas:

Bloque 1) Inspector/a farmacéutico/a, farmacéutico/a de saúde pública e licenciado sanitario.

Bloque 2) Inspector/a médico/a e licenciado sanitario.

Bloque 3) Subinspector/a sanitario/a e ATS/DUE

## III. XESTIÓN DE CHAMAMENTOS

### III.1. Órgano competente

O chamamento das persoas aspirantes efectuarase pola Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

A formalización do nomeamento efectuarase por este mesmo órgano.

### III.2. Procedemento

**III.2.1** Na xestión de chamamentos das persoas aspirantes respectaranse as disposicións contidas nos apartados III.2, III.3, III.4 e III.6 da Resolución do 26 de abril de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade e da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, pola que se dispón a publicación do Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal no ámbito do Servizo Galego de saúde e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade (*Diario Oficial de Galicia n.º 89, do 9 de maio*) ou disposición equivalente que o substitúa.

**III.2.2** Para o desenvolvemento de postos reservados na relación de postos de traballo ás clases de inspector/a médico/a, inspector/a farmacéutico/a, farmacéutico/a inspector/a de saúde pública,

subinspector/a sanitario/a ou ATS/DUE, efectuarase o chamamento ao aspirante que, pola orde lle corresponda, na lista respectiva.

